

centro dramático galego

CDG: XXV ANOS

parte de ti



centro
dramático
galego

Programación abril - xuño 2009

Dossier de prensa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



SALONTEATRO

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2008-2009

CDG: XXV ANOS

parte de ti

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Programación abril - xuño 2009

Abril					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Pág.
Domingo 2	22.00	<i>Festival Sinsal: Pram</i>		Música	
Venres 17	21.00	<i>Eco</i>	Iván Marcos en coprodución co CDG	Teatro	
Sábado 18	20.30	<i>Eco</i>	Iván Marcos en coprodución co CDG	Teatro	
Domingo 19	18.00	<i>Eco</i>	Iván Marcos en coprodución co CDG	Teatro	
Xoves 23	20.30	<i>Kvetch</i>	Teatro do Morcego	Teatro	4
Venres 24	20.30	<i>Kvetch</i>	Teatro do Morcego	Teatro	4
Venres 24	21.30	<i>Rúa Aire</i> (na Sala Nasa)	O retrete de Dorian Gray en coprodución co CDG	Teatro infantil	4
Sábado 25	20.30	<i>Kvetch</i>	Teatro do Morcego	Teatro	4
Sábado 25	21.30	<i>Rúa Aire</i> (na Sala Nasa)	O retrete de Dorian Gray en coprodución co CDG	Teatro infantil	4
Domingo 26	18.00	<i>Kvetch</i>	Teatro do Morcego	Teatro	4
Domingo 26	20.00	<i>Rúa Aire</i> (na Sala Nasa)	O retrete de Dorian Gray en coprodución co CDG	Teatro infantil	4
Xoves 30	20.30	<i>Kvetch</i>	Teatro do Morcego	Teatro	4

Maio					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Pág.
Venres 1	20.30	<i>Kvetch</i>	Teatro do Morcego	Teatro	4
Venres 1	21.30	<i>Rúa Aire</i> (na Sala Nasa)	O retrete de Dorian Gray en coprodución co CDG	Teatro infantil	4
Sábado 2	20.30	<i>Kvetch</i>	Teatro do Morcego	Teatro	4
Sábado 2	21.30	<i>Rúa Aire</i> (na Sala Nasa)	O retrete de Dorian Gray en coprodución co CDG	Teatro infantil	4
Domingo 3	18.00	<i>Kvetch</i>	Teatro do Morcego	Teatro	4
Domingo 3	20.00	<i>Rúa Aire</i> (na Sala Nasa)	O retrete de Dorian Gray en coprodución co CDG	Teatro infantil	4
Sábado 9	20.30	<i>Objects in the mirror are closer than they appear</i>	Cía. Salva Sanchis	Danza	6
Domingo 10	18.00	<i>Objects in the mirror are closer than they appear</i>	Cía. Salva Sanchis	Danza	5
Xoves 14	22.00	<i>Festival Sinsal: Larsen & Little Annie</i>		Música	5
Sábado 16	22.00	<i>Festival Sinsal: C93: + James Blackshaw</i>		Música	5
Domingo 17	22.00	<i>Festival Sinsal: C93: + Andrew Liles</i>		Música	5
Sábado 23	21.00	<i>Delimvois</i>	Teatro Oficina en coprodución co CDG	Teatro	6
Domingo 24	18.00	<i>Delimvois</i>	Teatro Oficina en coprodución co CDG	Teatro	6

Xuño					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Pág.
Xoves 4		<i>AcciónST</i>		Intervencións escénicas	6
Venres 5		<i>AcciónST</i>		Intervencións escénicas	6
Sábado 6		<i>AcciónST</i>		Intervencións escénicas	6
Domingo 7	22.00	<i>Festival Vibracional TPS</i>	O.M.E.GA	Música	7
Sábado 13	21.00	<i>Ovay</i>	Cía. Quique Peón en coprodución co CCG	Danza	7
Domingo 14	18.00	<i>Ovay</i>	Cía. Quique Peón en coprodución co CCG	Danza	7
Xoves 18	20.30	<i>Wake up</i>	Nut Teatro en coprodución co CDG	Teatro	7
Venres 19	20.30	<i>Wake up</i>	Nut Teatro en coprodución co CDG	Teatro	7
Sábado 20	20.30	<i>Wake up</i>	Nut Teatro en coprodución co CDG	Teatro	7
Domingo 21	18.00	<i>Wake up</i>	Nut Teatro en coprodución co CDG	Teatro	7
Xoves 25	21.00	<i>A piragua</i>	Abrapalabra	Teatro	8
Venres 26	20.30	<i>A piragua</i>	Abrapalabra	Teatro	8
Sábado 27	20.30	<i>A piragua</i>	Abrapalabra	Teatro	8
Domingo 28	18.00	<i>A piragua</i>	Abrapalabra	Teatro	8

Teatro

■ Kvetch (Unha comedia americana sobre a ansiedade)

TEATRO DO MORCEGO (Galicia)

Xoves 23 de abril, venres 24, sábado 25 e domingo 26 , venres 1 de maio, sábado 2 e domingo 3 (funcións ás 20.30 h, agás os domingos ás 18.00 h)

Autoría: Steven Berkoff

Dirección: Álvaro Lavín (Teatro Meridional)

Elenco: Celso Parada, Pedro Alonso, Mónica Caamaño, Dorotea Bárcena e Antón Reis

Celebración dos 20 anos de Teatro do Morcego

Vivimos todos baixo a ameaza da bomba, do cancro, dos axentes canceríxenos, da enfermidade, do paro, da impotencia, do medo ao medo, dos negros, dos brancos, da policía, dos impostos, da declaración da renda, de quedarmos calvos, de engordar, de poñernos feos, de ser parvos, de non ser enxeñosos, de ser tímidos, de preocuparnos por aprender a tocar o piano, do medo ao fracaso, de non causar boa impresión, medo á forza dos demais, a non ter xubilación, á vellez, á morte, á guerra... Esta é unha obra dedicada a todos os que teñen medo.

Un espectáculo impúdico, xubiloso, devastador e feroz dos seus medos, frustracións e estrés diarios de toda caste: *Kvetch*.

Teatro infantil

■ Rúa Aire

O RETRETE DE DORIAN GRAY EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Na **Sala Nasa**, venres 24 de abril, sábado 25 e domingo 26, venres 1 de maio, sábado 2 e domingo 3 (funcións ás 21.30 h, agás os domingos, ás 20.00 h)

Dirección, creación e interpretación: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno

Rúa Aire é a nova proposta escénica para público infantil de O Retrete de Dorian Gray, a compañía que integran Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno coa finalidade de afondar no mundo do teatro visual, físico e de manipulación de globos.

O protagonista do espectáculo é un personaxe anónimo do que coñecemos toda a súa biografía, desde o berce á tumba. Nunha viaxe polos momentos máis importantes da súa existencia e dos fitos históricos do seu mundo, tamén pasan ante os ollos dos espectadores todo tipo de monicreques efémeros: animais, vexetais e personaxes que configuran un universo en continuo diálogo co público e cos seus manipuladores.

Danza

■ **Objects in the mirror are closer than they appear**

COMPañÍA SALVA SANCHIS (Bélxica)

Sábado 9 de maio ás 20.30 h e domingo 10 ás 18.00 h

Coreografía: Salva Sanchis

Elenco: Tarek Halaby, Peter Lenaerts, Salva Sanchis, Manon Santkin e Georgia Vardarou

Objects in the mirror are closer than they appear é a décimo quinta creación do coreógrafo establecido en Bélxica Salva Sanchis e trata fundamentalmente da dicotomía entre a realidade e a aparencia. Utilizando a danza entre outras formas de expresión, a peza reflexiona sobre o feito de as aparencias non só se referiren a unha realidade senón que se converten na nosa realidade.

O espectáculo inspírase nos avances recentes en neuroloxía cognitiva, especialmente nos estudos de experiencias extracorpóreas. Tamén no impacto na cultura popular dos famosos casos de montaxes e da crenza no contacto con extraterrestres e abducións alieníxenas.

Música

FESTIVAL SINSAL. EXTENSIÓN SALÓN TEATRO

■ **Larsen & Little Annie (Italia - EUA)**

Xoves 14 de maio ás 22.00 h

Despois de trece anos de actividade ás costas, a banda experimental Larsen mantén intacta a súa pegada expresiva e volve cun novo álbum en estudo, *La Fever Lit* (2008). Ademais, nesta ocasión contaron co engadido dunha voz amiga, a de Little Annie, diva do dub e do cabaré *post punke* colaboradora do grupo Coil ou do combo On-U Sound.

A estratexia dos italianos consiste en abrírense pouco e pouco, silandeiramente, e así e todo, tentar prender os ouvidos do público ao seu pop cinematográfico, aboiándoo en ritmos luminosos nunha delicada lixeireza musical. En contrapartida, a nocturnidade e aleivosía vai por conta de Annie Anxiety e da súa excéntrica narrativa.

Música

FESTIVAL SINSAL. EXTENSIÓN SALÓN TEATRO

■ **C93:. + James Blackshaw**

Sábado 16 de maio ás 22.00 h

■ **C93:. + Andrew Liles**

Domingo 17 de maio ás 22.00 h

Prezo: 20 € (venda anticipada) | 25 € (na billeteira)

Current 93 non é un proxecto musical convencional. O británico David Tibet, o único compoñente constante desde o principio, soubo levar adiante durante máis de 25 anos unha das propostas máis inquietantes e influentes do folk gótico.

Máis de 20 discos publicados apuntalan unha carreira que influenciou a decenas de grupos e artistas ao redor de todo o mundo, primeiro como banda de música industrial e máis tarde como emblemática agrupación folk. En paralelo, Tibet, a través do seu selo discográfico Durtro, descubriu moitos talentos que permanecían na obscuridade, entre eles Antony & The Johnsons e Baby Dee.

Na que ha ser a súa segunda visita ao Estado español, desta vez conforme á entente C93., este círculo aberto e libérrimo de músicos celebrará en Santiago de Compostela, durante unha fin de semana enteira, a edición de *Aleph at hallucinatory mountain*, que se agarda como un dos seus traballos menos predicibles e máis potentes. Sobre o escenario, ademais de Tibet, estarán James Blackshaw, Baby Dee, Andrew Liles, Keith Wood e Alex Neilson. Todo un luxo telos por aquí.

Teatro - Estrea

■ Delimvois

TEATRO OFICINA (Centro Cultural Vila Flor, Guimarães) EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Sábado 23 de maio ás 21.00 h e domingo 24 ás 18.00 h

Autoría: Rubén Ruibal

Dirección: Marcos Barbosa

Elenco: Diana Sá, Emílio Gomes e Ivo Bastos

Delimvois é a muralla científica que protexe e rodea unha das cidades do Estado Único. A partir dun texto de Jacobo Paz, "Estado Único", baseado no "Nós" de Yevgueni Zamiatin, Delimvois quere explorar os límites mentais, os marcos ideolóxicos, as fronteiras de palabras e pensamento nas que dous homes coa memoria borrada e unha *aparente* muller, científica eminente que experimenta con eles, descubren a súa carne, a súa identidade e mesmo a súa ledicia.

Ela, á quen chamarán Castro, é a responsable dun urxente estudo para a optimización do Subministrador Único de Coñecemento, o sistema que mantén a orde, a felicidade e a unanimidade da cidade e que ameaza con colapsar. Pero durante o proceso o pasado agromará descubríndolle aspectos que non sospeitaba da organización do seu mundo e verase abocada a tomar decisións antes impensables.

■ AcciónST

Do 4 ao 6 de xuño

Baixo o título *AcciónST*, o CDG celebra por terceiro ano consecutivo este ciclo no que participan distintas agrupacións artísticas que desenvolverán varias intervencións escénicas en diferentes localizacións do Salón Teatro.

Música

- **Festival Vibracional TPS**
Concerto da Orquestra O.M.E.GA
ORQUESTRA DE MÚSICA ESPONTÁNEA DE GALICIA, O.M.E.GA.
Domingo 7 de xuño ás 22.00 h

A Orquestra de Música Espontánea de Galicia, O.m.e.ga. naceu dentro da programación de Sesións Vibracionais do TPS en marzo do 2007 na Sala NASA de Compostela. Trátase dun proxecto colectivo de vinte músicos galegos de moi diversa procedencia que traballan regularmente no eido da música improvisada baixo condución xestual. O director emite unha linguaxe de sinais prefixada que os músicos deben interpretar en tempo real nunha retroalimentación constante sustentada na atención mutua, nos procesos de toma de decisións, na incertidume do instante e, sobre todo, na capacidade para viaxar e sorprenderse coa variada riqueza tímbrica, sonora e dinámica do conxunto como unha entidade orgánica.

Danza - Estrea

- **Ovay**
COMPAÑÍA QUIQUE PEÓN EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO (Galicia)
Sábado 13 de xuño ás 21.00 h e domingo 14 ás 18.00 h
Creación, dirección e interpretación: Quique Peón

Ovay é a primeira montaxe profesional dun artista que leva máis de 30 anos dedicándose á investigación e recompilación do folclore galego. Quique Peón afronta este reto en solitario despois de pasar moitos anos a traballar no eido da música e a danza tradicional de Galicia.

O espectáculo está concibido como unha especie de musical en que se fusiona a música, o canto, o baile, a percusión e o teatro. Trátase de amosar a forma de expresión masculina utilizando para iso un amplo abano de movementos tradicionais galegos que aínda están por explorar e que se queren actualizar achegándoos aos nosos días.

Teatro

- **Wake up**
NUT TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)
Do xoves 18 ao sábado 20 de xuño ás 20.30 h e domingo 21 ás 18.00 h
Dirección: Carlos Neira
Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Carlos Neira, Iria Sobrado e Arantza Villar

Con *Wake up* a compañía Nut Teatro continúa a liña de traballo trazada nas súas anteriores propostas escénicas, onde apostaba por obras experimentais que combinaban fórmulas especificamente teatrais con outras máis próximas á arte realizativa ou de acción.

O espectáculo reflexiona sobre a intimidade e ás relacións xurdidas de novos modelos de convivencia que o devir dos tempos fixo aparecer: as camas quentes, expresión referida ao leito subarrendado a homes e mulleres que, carentes de recursos económicos, apenas dan pagado o alugueiro dun catre multiúsos. Este feito chega ao seu extremo cando algunhas destas persoas, vencidas polo sono, dormen por quendas en calquera habitáculo onde caiba un corpo, sen importar a posición, o lugar, a estreitura, a compañía ou a sucidade.

Teatro - Estrea

■ A piragua ABRAPALABRA (Galicia)

Xoves 25 de xuño ás 21.00 h, venres 26 e sábado 27 ás 20.30 h e domingo 28 ás 18.00 h

Autoría e dirección: Cándido Pazó

Elenco: Susana Dans, Xosé Manuel Olveira "Pico", Iolanda Muíños, Marcos Orsi, César Goldi, Ricardo de Barreiro e Marián Bañobre

A compañía Abrapalabra debuta coa reestrea deste texto escrito e dirixido para o CDG en 2007 por Cándido Pazó.

É lícito aparcar unha piragua nunha praza de garaxe dun edificio? A comunidade de propietarios divídese nos seus pareceres: nin os estatutos da comunidade nin a Lei de Propiedade Horizontal din nada en relación pero, segundo argumentan outros propietarios, as cousas son como son, como teñen que ser, e as prazas de garaxe foron creadas para ter nelas vehículos automóbiles.

Acompañando os veciños no desenvolvemento desta desavianza, descubrimos que nun dos pisos está a producirse unha situación de violencia doméstica. É unha circunstancia que sempre existiu pero que ultimamente está aumentando e cobrando máis visibilidade debido á nova actitude da vítima, Rosa, unha muller que, farta de aguantar, decide enfrontarse para establecer unhas novas regras de xogo. Poderán ser as cousas doutra maneira?

VENDA DE ENTRADAS

As entradas para asistir aos espectáculos do Salón Teatro póñense á venda no despacho de billetes dende dúas horas antes do comezo de cada actuación. Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.

O prezo das localidades para asistir aos concertos de C93:. é de 20 euros de forma anticipada na billeteira electrónica e de 25 euros na billeteira do Salón Teatro.

BONO PRIMAVERA

Está xa a disposición do público o Bono de Primavera, válido para adquirir catro localidades para asistir a outras tantas funcións do Salón Teatro (unha coprodución do CDG, máis outros tres espectáculos a escoller) por un prezo total de 20 euros. O bono implica un aforro do 50% sobre o prezo xeral e pódese adquirir unicamente na billeteira do espezo escénico compostelán.

Non están incluídos neste Bono os dous concertos de C93:., así como as intervencións escénicas de AcciónST.